

GUNTUMIL PITÕES DAS JUNIAS

Adela Leiro, Mon Daporta




Distancia: Completa: 21 km
Guntumil-Portela-Guntumil: 12 km
1-Portela-Penedo do Lobo (2, ida e volta)
2-Portela A Lomba (3 km, ida e volta)
Dificultade: media
Duración: depende do medio de transporte

Unha das rutas máis interesantes no Parque Natural da Baixa Limia-Serra do Xurés-Gères que discorre entre as serras do Xurés e do Pisco con espectaculares vistas sobre a montaña e o val do Salas en terreos de Galicia e Portugal. De grande interese paisaxístico, xeolóxico e ecolóxico. Pódese facer camiñando, en coche ou bicicleta, con pequenos tramos a pé obrigados.

COMO CHEGAR:

O punto de partida é Guntumil (concello de Muíños), nas proximidades do encoro do Salas e ascéndese ata 1.200 m na Portela de Pitões, na serra do Pisco. Desde alí pódense facer varios desvíos a pé para coñecer as formacións graníticas do Xurés por rutas onde podemos atopar algunhas das especies máis emblemáticas do parque como os lirios do Xurés. A estrada continúa ata a poboación portuguesa de Pitões das Junias desde onde se divisan fermosas vistas da serra. Aquí pódense facer outras rutas ou continuar pola estrada que volve a Galicia pola fronteira de Tourem.



Vista sobre o encoro do Salas



Serra do Xurés (As Gralleiras desde o encoro do Salas)



Formacións graníticas na Serra do Xurés



Serra do Pisco

Lirio do Xurés (*Iris boissieri*), endemismo do noroeste Ibérico, en perigo de extinción. En Galicia só se atopa no Xurés e ocasionalmente no Courel.



As Gralleiras desde Portela de Pitões



Pitões das Júnias co Xurés ao fondo